



PRESENTACIÓN DA OBRA *A Tientas* de PARIS JOEL

Teatro **AS TORRES de SANTA CRUZ**

xoves, 12 de Setembro, ás 19 horas

Intervirán:

O autor: *Paris Joel*

O escritor e profesor de Lingua galega e literatura:

Rubén Anido Regueiro

O acto finalizará coa actuación do cantautor arxentino, Luga Fernández, que interpretará varias cancións.

A tientas é un achegamento lírico a todo o que transforma as nosas vidas. Temas como a morte, o amor, a angustia e a paisaxe son pilares que, dunha maneira ou doutra, guían as nosas vidas. Só a poesía ten o potencial suficiente para describir estes temas e deixar no lector ou lectora un pouso indeleble que pode enriquecer de forma diferente a cada persoa.

Paris Joel é poeta e cantautor. Desde hai máis de vinte cinco anos traballa como locutor e técnico de son da emisora municipal Radio Oleiros. Licenciado en Historia pola UNED, técnico especialista en operacións de imaxe e son pola Escola de Imaxe e Son da Coruña. Foi becado polo Conservatorio Superior de Música da Coruña. Escribiu os poemarios *Dictados para un salvamento emocional* e *La aldaba del verano*, ademais do epílogo do libro *Los cuerpos lejanos*, do poeta, e pai de Ismael Serrano, Rodolfo Serrano. Realizou crónicas e críticas musicais para o xornal *El Ideal Gallego*.

Foi seleccionado, xunto a outros poetas, para publicar dous poemas na antoloxía da nova poesía contemporánea española da *Asociación cultural Culturias de Avilés*. Actualmente é o primeiro poeta de fóra de Asturias invitado a participar con dous poemas no primeiro tomo da colección *Poetas del Paraíso*, promovida pola *Asociación cultural Culturias de Avilés*.

Como cantautor, actuou nas salas: *Libertad 8* (Madrid), *El Bardo Escaldao* (Pamplona), ou os estudos *Rosazul* en Barcelona.

Foi o primeiro presidente da asociación de cantautores *Viernes de Cantautar*, recoñecida polo propio Silvio Rodríguez, e o seu nome figura en varios libros dedicados a este xénero como *Mi vida entre canciones* ou *Volad canciones volad*, do musicólogo Fernando González Lucini.

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir ata completar o aforo permitido para que gocen coa palabra e coa música.

